

Festas do Carme en Pontecesures

I.C.

O Concello de Pontecesures celebra desde hoxe venres, 4 de xullo, ata o vindeiro luns 7, as súas festas do Carme. Serán catro as xornadas cheas de actividades culturais, eventos deportivos, espectáculos e misas solemnes pensadas para todos os públicos e idades en honor á Virxe do Carme e San Antón. Entre os acontecementos máis destacados atópanse as actuacións de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre e a da orquestra Olympus.

A xornada comezará co IV Torneo de Fútbol Sala, que se levará a cabo no Pabellón Polideportivo. A continuación, a partir das 22.30 horas, os festexos seguirán coa actuación do músico Xabier Díaz que estará acompañado polas Adufeiras de Salitre, en A Prazuela, para deleitar ao público coas súas cancións.

O músico coruñés presenta o *Cancioneiro Galego Serodio* (1989-2012), resultado dun extraordinario traballo de campo que compila a música, a cultura e a sabedoría popular transmitida de xeración en xeración polas mulleres do rural.

Na seguinte xornada, a do sábado 5, os festexos comezarán sobre ás 13.00 horas, con pasarúas a cargo da agrupación musical Louband, que percorreren as rúas da vila desde a Praza dos Valeiros. Para pechar a xornada, ás 22.30 horas, comezará a verbena a cargo da orquestra Marbella e a agrupación La Tremenda.

Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre inauguran O Carme

Catro xornadas festivas cheas de actividades pensadas para todos os públicos e idades honran á Virxe e a San Antón en Pontecesures



Xabier Díaz actuará hoxe acompañado polas As Adufeiras de Salitre

O domingo, 6 de xullo, a festa comezará ás 12.30 horas cunha masterclass participativa de zumba, liderada

por Graciela Viturro. Ás 18.30 horas, terá lugar a tradicional misa solemne cantada pola Coral Polifónica A Barca-

rola, en honor á Virxe. Seguidamente celebrase o tradicional Desfile Valeiro coa popular procesión e, ao seu re-

mate, tocará a Banda de Música Municipal de Padrón.

Pola noite, ás 22.30 horas, será o turno da orquestra Olympus, encargados de animar a noite coa súa música. Desde a unha e media da madrugada, os DJs Iván e Chito tomarán o relevo co obxectivo de manter a festa viva ata que o público aguante, asegurando unha noite chea de baile e diversión.

Os máis pequenos serán os grandes protagonistas da última xornada, o día 7

O fin de festa, o vindeiro luns 7, celebrase na honra a San Antón cunha xornada na que os máis pequenos serán os protagonistas. O día de festa arrancará pola mañá co pasarúas a cargo da Asociación Cultural Xarandeira. A continuación, ás 12.30 horas, celebrase a misa solemne na honra a San Antón, que estará cantada pola Coral Polifónica Pontecesures, e dará paso á actuación da Asociación Cultural Xarandeira, no atrio da Igrexa.

Pola tarde, a celebración seguirá sobre ás 17.00 horas, cunha gran festa infantil que contará con inchables e obradoiros para todos, ubicados nas rúas centrais das vilas. Como punto final ás catro xornadas festivas, ás 22.00 horas, o Mago Tetto ofrecerá un espectáculo de rock e maxia, baixo o nome Rock and Magic .

TALLER DE TURISMOS Y VEHÍCULOS INDUSTRIALES

986 557 200
 Pol. Carballiño nº 33
 Valga (Po)
www.grupoodl.com

Clínica Dental
Dra. B. Santiago Mondragón
 C/. Travesía dos Muelles, 1 • 1º D • T. 986 557 879
 PONTECESURES - PONTEVEDRA

CENTRO MÉDICO PSICOTÉCNICO
CESURES
Alfonso Diz Villar. MÉDICO
 Víctor García, 27 - 1º - B
 T. 986 557 245 • 618 884 884 • Pontecesures

Transportes Luis Tarela, s.l.
TRANSPORTES NACIONALES E INTERNACIONALES
 T. 986 557 096
 Pontecesures (Pontevedra)
administracion@tarela.es

BACALAO PÉREZ ESPAÑA S.L.
 Tlf. 986 557 900 • Fax: 986 564 428 | Ullán, 62. Infesta. • 36640 Pontecesures
www.dmares.es • www.bacalaoperezspana.com

centro DENTALvalga
Diseñamos tu sonrisa
 • Odontología general • Ortodoncia invisible
 • Implantes con cirugía guiada • blanqueamiento dental
Especialistas en: PRÓTESIS DENTAL
 Avda. de La Coruña, 64 - 66 • portal 2 • 1º E • Valga (Pontevedra) • T. 986 559 181 - 666 532 965
REVISIONES GRATUITAS
PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

Festas do Carme en Pontecesures

CEDIDA



Imaxe da ponte romana de Pontecesures, ubicada entre as provincias de Pontevedra e A Coruña

Moito que facer en Pontecesures: unha vila chea de cultura, historia e natureza

Situada entre Pontevedra e A Coruña, conta con varios espazos que merecen ser visitados

I.C.

Situado nun punto estratéxico entre as provincias de Pontevedra e A Coruña, Pontecesures é un lugar cheo de historia e beleza natural que conta con diferentes puntos de interese que non se poden perder de visitar. Entre os máis destacables están a Ponte Romana, espazo crucial na historia e economía local, unindo as dúas provincias; a Casa da Lamprea e Praza de Abastos, unha lonxa construída no ano 2017 para os pescadores de lamprea; o Monumento ao Coche de

Pontecesures ofrece ao visitante todas as vantaxes das Rías Baixas e sen masificar

Pedra, que conmemora a primeira feira do Automóbil de Ocasión cunha réplica en granito do primeiro coche de gasolina que circulou por Galicia; ou os Miradoiros do Piñeiro Manso e do Galiñeiro.

Pontecesures é un dos segredos

mellor agochados das Rías Baixas, alleo á masificación doutros grandes destinos de praia pero con todos os servizos e prestacións do mar e do verán a tiro de pedra.

Ademais, desde hoxe, a localidade dá comezo ás homenaxes á Virxe do Carme e San Antón, que suceden ás realizadas con anterioridade en O Salnés e Ullán. Serán catro as xornadas de festa nas que se alternarán actividades culturais, eventos deportivos, espectáculos e misas. Os escenarios estarán repartidos en distintas localizacións da vila.





GRUAS ESTACION

OFICINAS
ESCLAVITUD: Tel. 981 803 560 • Fax 981 803 558
SANTIAGO (Pol. Tambre): Tel. 981 509 806
PONTEVEDRA: Tel. 649 901 400

www.gruasestacion.com






Dr. Pablo Sánchez Gómez
Odontólogo

C/ Redondo 25 - 1º - Pontecesures (Pontevedra) - cesurdental@yahoo.es

Colgado 1496
Registro Sanitario: C-15-003668

Experto Universitario
en Periodoncia
Cirugía e Implantología
Oral por la UDC

986 557 178



SISTEMAS DE DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUALES

- SOLUCIONES PARA LA GESTIÓN INTEGRAL Y SOSTENIBLE DE LOS RECURSOS HÍDRICOS
- ASESORAMIENTO
- DISEÑO Y FABRICACIÓN
- EFICIENCIA ENERGÉTICA

SANTIAGO
Hórreo, 9-11, 4º A • T. 981 580 201

CALDAS DE REIS. OFICINA CENTRAL Y FÁBRICA
Tivo nº 4 Apdo. 11 • T. 986 540 108

PONTECESURES
Rúa Caleira nº 8 • T. 986 557 334

MÁS DE 40 AÑOS DE EXPERIENCIA

www.pru.es
administracion@pru.es

CLÍNICA

Dr. Jorge Ortega

Avda. de Vigo, nº 12, 1º E
36640 PONTECESURES (Pontevedra)
T. 986 556 162 • F. 986 564 435
orcastsl@yahoo.es